

martiño maseda  
lozano

entre  
as paredes  
do silencio

2º PREMIO XXXVII EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA



*Concello de Vilalba*

**alvarellos**  
EDITORA



ENTRE AS PAREDES  
DO SILENCIO

*ENTRE AS PAREDES DO SILENCIO de Martiño Maseda Lozano  
obtivo no ano 2011 o Segundo Premio da XXXVII Edición do  
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado (presi-  
dente), Darío Villanueva Prieto, José Carlos Rodríguez Andina, Fidel  
Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

MARTIÑO MASEDA LOZANO

ENTRE AS PAREDES  
DO SILENCIO



**alvarelos**  
EDITORA

*Libros do Sarela*

© ALVARELLOS EDITORA, 2013  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info

© Martiño Maseda Lozano  
© Limiar: María Xosé Lamas

Deseño e maquetación: Xacobe Neto/Alvarellos Editora  
Impreso en Tórculo Artes Gráficas

Depósito Legal C 1215-2013  
ISBN 978-84-89323-46-9

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*A María, manancial  
da inmarcesible palabra.*





## LIMIAR

**P**rimera cadeira da segunda fila á dereita. Coa ollada alternando o escenario cunha localidade á súa man destra, unha fila máis atrás. Cun sentir dobremente ilusionado: o de recibir un galardón –xa o terceiro– no Certame Literario de Vilalba, e o de posuír alguén “moi especial” a quen llo dedicar... O poeta chairego Martiño Maseda, nado en terras de Xoibán nos albores da década dos setenta, recolle o seu diploma e unha rosa vermella da que me fai entrega, coa promesa de agasallarme cunha cada mes. Xa teño doce rosas, testemuñas do amor, no meu haber.

Froito deste premio, nace un novo libro, *Entre as paredes do silencio*, publicado polo Concello de Vilalba en Alvarellos Editora. Un poemario que xorde da antítese diálogo *versus* silencio no que o autor verte na escrita situacións nas que, en convivencia con ese “deus mudo” que o envolve e asolaga por momentos, deixa que as emocións abrollen, por veces nun manancial sereno, por outras, coma desesperadas erupcións de auga fervendo.

O poeta comeza a obra cunha explícita declaración de intencións:

*Unha folla en branco,  
o lapis inerte sobre o seu corpo baleiro  
e o pensamento arrastrándose  
pola silueta do silencio.*

Mais é o propio silencio quen o convida á conversa

*..., prefiro seguir escoitando  
o murmurio do silencio  
que me rosma:  
O ronsel do tempo esvaécese,  
non fiques calado!*

que se converte en monólogo consigo mesmo para exercer co seu ser máis íntimo un proceso de maiéutica que lle axuda a sacar de si os sentimentos percorrendo todos os matices de intensidade, dende o *pianissimo*, en que as emocións agroman docemente nun intimismo sutil,

*Versos que me falan da soidade  
que me deixa a túa ausencia.  
Versos que me traen a ledicia da lembranza  
de terte visto outra vez...*

até un *fortissimo* abraiante e abrupto que utiliza para defender os seus principios, inseríndose na máis fonda poesía social, defendendo sobre todo a lingua de noso.

*Voces estrañas  
que falan dialectos estraños,  
alleos á miña esencia  
de foula e berro fondo.*

...

*Lingua que debuxas a arquitectura da miña alma,  
lingua que grafas os versos das miñas emocións...*

...

*Desacougo na esperanza  
pola incerteza dun futuro  
que algúns queren escurecer  
coas súas falacias,  
cos seus desprezos.*

Na poesía de Martiño Maseda hai lugar tamén para a nostalxia de tempos pasados, de amores rotos, de ausencias, desacougos, perdas,... Máis deixa lugar para a esperanza presente nos seus versos, tantas veces asolagados na teima existencial.

*Xa é luns,  
comezo doutra semana.  
Novas inquietudes,  
vellos desacougos.*

...

*... As ideas ciscáronse  
polo chan do meu intelecto  
igual que follas outonizas  
e fico desacougado  
á espreita de que a treboada marche.*

Martiño Maseda achéganos no seu libro ao seu íntimo existir, ás súas inquedanzas, con unha linguaxe transparente e viva, desprovista de artificios, mais colmada de imaxes evocadoras dun contido expresamente deseñado para partillar co lector as súas teimas sen lugar a engano nin a segundas intencións. Unha linguaxe que nos fai lembrar por intres ao realismo máxico e por outros ao máis puro con-

ceptismo, pero sempre apegada ao seu estilo propio ao que nos ten afeitos, de verso libre, sen ataduras de ningún xeito.

Quen te lemos e apreciamos como poeta, desexamos que este poemario –último, mais non derradeiro– sexa para todos a mostra do teu bo facer literario.

Parabéns!

MARÍA XOSÉ LAMAS

*Agosto do 2012*

UNHA FOLLA en branco,  
o lapis inerte sobre o seu corpo baleiro  
e o pensamento arrastrándose  
pola silueta do silencio.

CAE A tarde  
e unha lene brisa acariña  
as meixelas do meu acougo.  
Daquela,  
son vivo!

OS MEUS OLLOS bagoan lágrimas de sangue,  
vermella e tráxica como o sangue dos vencidos  
que alfombran as rúas da cidade humillada;  
como o sangue dos indefensos  
que foxen da inexorable zuna  
que asoballa os muros do seu presente,  
deixando no aire un futuro de pestilencia e medo.  
E a esperanza agoniza en cada suspiro,  
en cada palabra que morre  
nos sutís beizos do trovador  
convertido en máquina de matar sen a palabra.